

# ADENDA Á PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA

## Índice

---

1.	Xustificación Desta Adenda .....	2
2.	Modificación programación 2º ESO.....	2
3.	Modificación programación 4º ESO.....	2
4.	Modificación programación 1º Bach.....	3

**IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS Curso 2021-2022**

**Rosa Brandón Rodríguez**

# 1. Xustificación Desta Adenda

Adenda á Programación didáctica do Departamento de Economía 2021/2022, na que se modifica unha parte dos criterios de avaliación seguindo a Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nos ensinos de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOGA, 11 de febreiro de 2022).

## 2. Modificación programación 2º ESO

**Elimínase** o seguinte parágrafo:

Quen non supere as probas de recuperación de final de curso, deberá acudir ao **exame extraordinario de setembro**, o cal consistirá nun exame escrito sobre os contidos mínimos.

**Engádesse** o seguinte apartado:

Aquel alumnado que non aprobese a terceira avaliación terá que realizar actividades de reforzo e repaso relacionadas cos contidos mínimos desta materia. Antes da sesión de avaliación ordinaria realizaranse unha ou varias probas sobre eses contidos. Considérase aprobada a materia se nestes exames o alumno ten como mínimo un 5.

## 3. Modificación programación 4º ESO

**Elimínanse** os seguintes parágrafos:

Aquel alumnado que non superase unha ou máis avaliacións (por non ter acadado unha nota de 5 no/s exame/s escrito/s ou porque a ponderación dos diferentes elementos tidos en conta na avaliación non acadara o 5), deberá presentarse a un **exame global escrito** a final de curso, no que terá que realizar só as cuestións correspondentes á/s avaliación/s suspensa/s.

Quen nesta proba global de xuño non superaran a/s avaliación/s suspensa/s, terán que presentarse ás probas de **Setembro** con toda a materia do curso. A nota máxima que se poderá acadar na recuperación de setembro será de **6 puntos**, independentemente da nota acadada no exame

Exames de Recuperación	Nota máxima
Global de xuño	7
Setembro	6

O alumnado que non puidera presentarse as probas nas datas fixadas, irá ao exame de recuperación global de xuño.

**Engádense** os seguintes apartados:

Aquel alumnado que non superase a terceira avaliación terá que realizar actividades de reforzo e repaso relacionadas cos contidos mínimos desta materia para o nivel de 4º ESO. Antes da sesión de avaliación ordinaria realizaranse unha ou varias probas sobre eses contidos. Considérase aprobada a materia se nestes exames o alumno ten como mínimo un 5.

Na sección **Criterios de avaliación para aquel alumnado que promociona ao curso seguinte sen superar os obxectivos** da materia de economía, engádense: “No caso de que non se supere a materia cos criterios anteriores, poderanse engadir outras medidas de reforzo e repaso dos que se realizará unha proba antes da sesión de avaliación ordinaria. Considérase aprobada a materia ao alumnado que neste exames acada o mínimo dun 5”.

## 4. Modificación programación 1º Bach

**Elimínanse** os seguintes parágrafos:

Quen nesta proba global de xuño non superaran a/s avaliación/s suspensa/s, terán que presentarse ás **probas de Setembro** con toda a materia do curso. A nota máxima que se poderá acadar na recuperación de setembro será de **6 puntos**, independentemente da nota acadada no exame.

Exames de Recuperación	Nota máxima
Global de xuño	7
Setembro	6

**Engádense** os seguintes apartados:

Aquel alumnado que non superase a proba ordinaria para o nivel de 1º de Bacharelato, terá que realizar actividades de reforzo e repaso relacionadas cos contidos mínimos desta materia. Haberá unha avaliación extraordinaria en xuño e considérase aprobada a materia a aquel alumnado que nestes exames acadase como mínimo un 5.

Exames de Recuperación	Nota máxima
Avaliación Ordinaria	7
Avaliación Extraordinaria	6